**As forzas políticas de esquerdas que obtiveron representación na corporación municipal de Ames (PSdeG-PSOE, Ames Novo, Contigo Pódese e BNG) acordan as seguintes medidas de actuación urxentes para desenvolver ao inicio do mandato, e que van vinculadas ao acordo de investidura para o pleno do sábado 13 de xuño no que as formacións asinantes votarán a candidatura a alcalde de Ames de José Miñones Conde.**

**MEDIDAS DE ACTUACIÓN:**

1. Elaborar uns orzamentos nos que se reflicta a participación dos veciños e das veciñas.

2. Analizar a situación económica do concello e renegociar a débeda, en especial o crédito ligado ao Plan de Axuste.

3. Solicitar xuntanzas de traballo de carácter urxente con:

   — Presidente da Xunta de Galicia, para corrixir a discriminación co concello de Ames nos orzamentos do 2015.

   — Conselleira de sanidade, para buscar unha solución para a construción do novo centro de saúde do Milladoiro.

   — Conselleiro de Educación, para que se emenden as deficiencias de material existentes no IES de Milladoiro, e os problemas de seguridade no IES Plurilingüe de Ames e o CEIP de A Maía.

4. Elaborar e aprobar un Regulamento de Organización e Funcionamento Municipal, no que se lle dea participación aos veciños e veciñas.

5. Elaborar e aprobar un Regulamento de Participación Cidadá e poñer en funcionamento o portal de Transparencia para facilitar unha total información sobre o Goberno municipal e a súa xestión. Así coma o compromiso claro do funcionamento institucional dos medios de comunicación dependentes do concello: páxina web, redes sociais e radio municipal.

6. Elaborar unha auditoría enerxética e da rede eléctrica para fomentar un aforro sostible.

7. Elaborar e desenvolver un plan de mantemento e coidado das infraestruturas municipais.

   — Fixar un plan de limpeza e mantemento das vías e estradas municipais, que sirva, ademais, para axudar a potenciar o ámbito rural.

   — Realizar un plan de obras, limpeza e mantemento dos centros educativos

8. Iniciar os trámites encamiñados á apertura dunha primeira fase do cemiterio dos Batáns, baixo xestión municipal.

9. Actualizar o estudo sobre as necesidades educativas no concello, e reforzar os programas de conciliación familiar.

10. Convocar de urxencia unha Mesa Local do Comercio para poñer en común cos comerciantes medidas de apoio e desenvolvemento do sector.

11. Elaborar un plan de urxencia para a posta en funcionamento do viveiro de empresas, e potenciar o Servizo de Orientación Laboral.

12. Convocar unha xuntanza de traballo inmediata co Comité de Empresa do Concello de Ames para reiniciar o diálogo e a negociación.

13. Activar un programa de apoio e axuda urxente para as persoas afectadas pola crise ou que se atopen en risco de exclusión social. E habilitar servizos de comedor durante os meses do verán e vinculados as actividades lúdicas para nenos e nenas con dificultades alimenticias pola situación económica familiar.

14. Reforzaremos a atención e a axuda municipal contra os desafiuzamentos, e traballar para a creación dunha bolsa de vivendas para alugueiro social.

15. Buscar o consenso nas medidas a adoptar no Ciclo Integral da auga cuxo contrato expira en outubro, co obxectivo da municipalización do servizo.

16. Estruturar os Consellos Municipais de Educación e Deportes de cara a poñer en marcha o seu funcionamento nos primeiros meses de goberno.

17. Aprobar un Código Ético para o Goberno municipal e para a Corporación no que se recolla de maneira clara e rotunda a tolerancia cero coa corrupción.

18. Recuperar as políticas de normalización lingüística na Administración municipal, concienciar da necesidade de preservar a nosa lingua, e abrir novos espazos e redes para fomentar o uso social do galego.

19. Reforzar o Servizo de Atención veciñal para facilitar unha comunicación integral e fluída coa cidadanía.

20. A existencia dun trato igualitario e non discriminatorio das instalacións municipais por parte da veciñanza, achegando e facilitando, ademais, o uso das mesmas.

21. Compromiso claro de traballar pola igualdade real e a tolerancia cero coa violencia de xénero.

En Ames, a 10 de xuño de 2015.

**JOSÉ MIÑONES CONDE**
(PSdeG-PSOE)

**PILAR CANDOCIA PITA**
(Ames Novo)

**GENMA OTERO UHÍA**
(Contigo Pódese)

**DAVID SANTOMIL MOSQUERA**
(BNG)